



## DOSSIER

### PERCUSIÓN CORPORAL

#### Descrición da actividade.

Actividade proposta co fin de estimular unha creación de ritmo que favoreza a expresión do movemento corporal, á vez que estimule a exteriorización de sentimentos individuais e unha interactividade e empatía cos demais. Sen esquecer a satisfacción de crear beleza artística en cada sesión.

#### Obxectivos.

##### Coñecemento

- Recoñecer a importancia do ritmo para a expresión corporal
- Describir os movementos corporais en función do ritmo.
- Identificar as emocións expresadas a través do ritmo e do movemento

##### Comprensión

- Estimar o valor de traballar o corpo a través da música
- Expressar a empatía por medio de movementos pautados
- Interpretar as emocións dos demais a través da percusión corporal

##### Aplicación

- Experimentar benestar e positividade na harmonía do corpo ca música
- Emplear o ritmo para a expresión emocional (tristeza, alegría...)

##### Análisis

- Examinar as posibilidades do corpo no espazo
- Diferenciar a desinhibición e o bloqueo
- Organizar os impulsos instintivos e os movementos descoordinados

##### Síntesis

- Formular novas expresións corporais (promoción de novas ideas)
- Priorizar a positividade vital, excluindo todo tipo de valoracións negativas e destrutivas.



Reconstruir o comportamento interactivo propiciando un lugar para o compañeiro.

### Avaliación

- Apreciar a intervención da música no comportamento individual
- Comparar a fluidez co bloqueo
- Estimar a beleza e creatividade da actividade corporal

### Contidos

- 1.- Movements ó compás da música en espazos reducidos
  - Movements coordinados de mans e brazos.
  - Palmas coordinadas
  - Palmas alternadas en distintas partes do corpo (pernas, ombreiros, cabeza...)
  - Movements alternados de pés.
- 2.- Pautas de ritmo por división coordinada (patróns rítmicos 2/4, 3/4...)
- 3.- Pautas de ritmo para compases inusuais.

### Estratexia

- Desenvolvemento das actividades en grupos nos que se proporán esquemas rítmicos que resulten asequibles para o alumnado.
- Selección de pezas musicais de ritmo marcado que conviden ó movemento
- Aprendizaxe da sincronización da música cos movements simples coordinados.
- Ensinanza de movements alternados de pés e mans, gardando un, dous ou tres tempos de espera, o cal representa un grao máis elevado de dificultdade que a simple sincronización.
- Execución de xogos variados con ritmos.



**KONTRA  
PUNTO**



ESCOLA DE MÚSICA